

5.2 Resolución de expedientes de contratación

5.2.1 Resolución do expediente de contratación da obra “Mellora de instalacións no centro sociocultural de Ponteceso”

O alcalde, na providencia do 15.10.2009, dispuxo iniciar o expediente para contratar a obra “Mellora de instalacións no centro sociocultural de Ponteceso”.

Está incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación.

O alcalde, na Resolución núm. 327/2009, do 19 de outubro, aprobou o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas e declarou o procedemento negociado, por tramitación urxente, para adxudicar esa obra. Na mesma resolución autorizou o gasto.

Consta no expediente o certificado de ofertas que presentaron as empresas invitadas.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 02.11.2009, adxudicoulle provisionalmente a obra á empresa Construcciones Esteban Seoane, S.L., polo prezo de 114090,81 € (98354.15 € de base e 15736,66 € de IVE).

O concello publicou no Perfil do contratante o acordo da adxudicación provisional, notificoulle ese acordo á empresa adxudicataria e requiriuna para que presentase a documentación que xustificase que estaba ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e para que presentase a garantía definitiva.

A empresa adxudicataria provisional do contrato presentou a garantía definitiva por importe de 4917,70 € e a documentación que o concello lle requiriu no acordo da adxudicación provisional.

Os membros da Xunta de Goberno Local ACORDAN, por unanimidade e de conformidade co artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público:

1 Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato da obra “Mellora de instalacións no centro sociocultural de Ponteceso” que acordou a Xunta de Goberno na sesión do 02.11.2009.

2 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2009.451.9z.622.00 do orzamento municipal.

3 Notificarlle este acordo á empresa Construcciones Esteban Seoane, S.L., adxudicataria do contrato, e citala para asinar o contrato no prazo de 5 días hábiles, contados dende o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

4 Publicar no Perfil do contratante a adxudicación definitiva do contrato da obra “Mellora de instalacións no centro sociocultural de Ponteceso”.

5 Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.